


# MÁIS...



## La Morada Maldita

Xogo de mesa



## Historia da Galicia pequeniña

de César Cequeliños  
Aira Editorial


Libro informativo



## Caderno de cores e cancións

de Magín Blanco  
Sonárbore/Galaxia

Libro-CD



## Ponyo en el acantilado

de Hayao Miyazaki

DVD


# INFANTIL

## La patita que vino a cenar

de Steve Smallman  
Beascoa



Un día de moito vento, este trae a unha pequena patita. Ten unha á rota e Estofado, o vello lobo, e Tortilla se encargarán de coidala ata que poida volver a voar. A pesar de que a patita é pequena, non é ningunha doncela en apuros, senón que é capaz de facer todo o que se propón.



## DO RE MI

de Antonio Rubio  
Kalandraka

Entoando as notas musicais coas diversas aves que se achegan a este orixinal pentagrama, repleto de sons.

## Un libro

de Hervé Tullet  
Kókinos



Ao abrir este libro só se ve un círculo amarelo sobre a páxina en branco. Entón, invítase a pulsar ese círculo co dedo e descubrir que ocorre. Para saber a resposta simplemente hai que dar a volta á páxina... E así comeza a maxia!

## Trik trak

de Stephan Lomp  
Bang



Trik Trak é unha pequena escavadora que o único que quere facer é cavar buratos, levantar pedras e axudar a construír os edificios máis altos do mundo. Pero Trik Trak é pequena, e hai moitas cousas que non pode facer. É iso malo? Ou lle servirá para chegar a lugares onde non poden os demais?

# RECOMENDACIÓNS LECTORAS

Verán 2023

# "PARA VIAXAR LONXE, NON HAI MELLOR NAVE QUE UN LIBRO"


*Emily Dickinson*



Bibliotecas escolares de Galicia



# 1º CICLO



## Glup

de Daniel Piqueras Fisk  
Narval Editores

Candela nace na auga. Desde moi pequena sente unha gran atracción polo mar, que a leva a descubrir as profundidades do océano e os seres descoñecidos que alí habitan. GLUP narra a transición da infancia á vida adulta: unha bildungsroman en formato cómic.



## O teu corpo é teu

de Lucía Serrano  
Nubeocho ediciones

O teu corpo é teu. E é maravilloso. Ao finalizar o libro saberás un pouco mellor como coidaló. Lucía Serrano neste libro, con axuda e asesoramento de especialistas, fala de sexualidade e de prevención de abusos aos nenos e nenas cun linguaxe sinxelo e directo. Un libro imprescindible.



## Feliz Feroz O lobo riquiño

de El Hematocrítico  
Xerais

Todos están moi preocupados porque este lobo non é feroz. El intenta selo, pero non o consegue. Este lobiño é un desastre!



## El faraón Tutankamón

de Chris Naunton  
Ideaka

Son o faraón Tutankamón, o famoso neno rei. Non fagas nin caso ao que che dixeran sobre min. Por fin, eu mesmo vou contar o que sucedeu en realidade no antigo Exipto. E CONTAREIHO TODO! Un libro cheo de humor e símiles coa actualidade que permite comprender a cultura, acontecementos cotiáns e feitos fundamentais do antigo Exipto.

# 2º CICLO



## Agus y los monstruos

de Jaime Copons  
Combel

Unha colección de libros entre cómic e narrativa que enganchará a todos polos seus personaxes e as súas aventuras.



## Miss Cat. El caso del canario

de Jean Luc Fromental  
Libros del Zorro Rojo


Se che gustan as investigacións trepidantes e divertidas, este libro é para ti. É un pequeno libro cheo de diversión que mestura narrativa e cómic onde a protagonista resolve misterios.



## Teño oito anos e quero ser youtuber

de Xoán Babarro  
Galaxia

Hoxe en día as nenas e os nenos xa non queren ser coma os seus pais e nais. Queren ser youtubers! Nesta nova aventura que nos conta Xoán Babarro, ser youtuber é algo máis que sorprendente...



## Animalia

de Xosé Tomás  
Xerais

«Animalia» é un proxecto de banda deseñada protagonizado por animais de diversos hábitats. «Animalia 4. Gris» céntrase nos animais urbanos. En que nos parecemos as persoas aos animais cos que convivimos a diario?


# 3º CICLO



## Click

de Kayla Miller  
Maeva young

Unha historia sincera e profunda sobre como manexar as amizades, apoiarse na familia e aprender a tomar decisións por unha mesma, algo que sen dúbida é o papel máis importante de todos.



## H2...OH!!!

de María Canosa  
Galaxia


Sabías que os cascos protectores inventáronos os paxaros?, ou por que hai espellismos? A que non te decataras que hai animais que nunca beben auga?, ou por que o número pi é infinito e non remata nunca? Neste libro has atopar unha morea de curiosidades científicas relacionadas co noso día a día.



## Los dioses mienten

de Kaori Ozaki  
MILKY WAY EDICIONES

Era o verán en que Natsuru tiña once anos. Desde que rexeitou a unha compañeira o día de San Valentín, as mozas do seu cole non volveron a falarlle e decidiron desde entón, ignoralo por completo. Pero antes das vacacións, todo cambia. Suzumura, de repente, lle fala. Ambos comezarán unha relación de amizade, pero el pronto descubrirá que ela esconde un terrible segredo.



## El gran Calvin y Hobbes ilustrado

de Bill Watterson  
Astiberri

Calvin y Hobbes é sen dúbida un dos cómics máis populares de todos os tempos. Narra as divertidas travesuras de Calvin, un neno de seis anos precoz, revoltoso e aventureiro; e de Hobbes, o seu sarcástico tigre, un felino tan real para Calvin como doce peluche para os demais.